

TRABALLO PARA A SEMANA DO 23 AO 27 DE MARZO

1ª sesión

Fai un esquema da literatura das páxinas 201, 202 e 203.

2ª sesión

Fai un esquema das ideas principais e secundarias do seguinte texto:

Letras e saúde

Se algo teño que agradecer á precariedade do Sergas é que durante moitos anos tiven que ir por moitos sitios diferentes percibindo os diferentes variables dialectais no mesmo país. Os contratos dun día (ou dunhas horas) ofrecéronme a posibilidade de observar a riqueza cultural que temos. E así foi como un día, no servizo de urxencias, cando preguntei o motivo de entrada ao hospital me dixeron: “levo asghumitindo tres días”. Sabedora do biopoder que leva implícito un uniforme, non quería dicirlle que non o estaba entendendo. Non quería ser a logopeda de ninguén, polo que optei por preguntar dunha maneira, despois doutra... ata dar-me conta de que o paciente se refería ao xerundio do verbo vomitar e esa era a forma na que se dicía na zona. Grazas a iso, souben que tiña que descartar unha alteración electrolítica secundaria á perda de líquidos corporais e ir adiantando probas e tempos de espera antes de que o vise o persoal médico.

Se non soubese que cando unha señora de Cabo de Cruz me di que “non ten solás”, é que lle falta a vida; como persoal sanitario non sabería que teño que descartar inmediatamente unha patoloxía coronaria aguda, principal causa de morte no mundo occidental.

Estes exemplos tan só visualizan que a lingua e a saúde están intimamente ligadas e que o coñecemento do idioma de quen tes diante leva implícito unha mellora da calidade asistencial. O noso corpo, ademais dun conxunto de órganos, é o compendio da fala, da cultura, das vivencias e dos sentires, sendo imposible desligar uns ítems dos outros. Non podemos dar unha boa atención sanitaria só estudando algoritmos, protocolos e escalas numéricas. Nunca seremos boas profesionais se non sabemos darlle a importancia que ten a parcelaria para unha señora de Lalín, á influencia socioeconómica do mar no Barbanza, do impacto na saúde dos traballos feminizados, ou da renda per cápita dunha comunidade. Tampouco se descoñecemos a lingua dun pobo.

Alicia Ares Vilar. *Praza Pública*, 1/3/2018 [adaptación]

3ª sesión

1. Celso Emilio Ferreiro refírese no seguinte poema a cando foi encarcerado no mosteiro de Celanova en 1937 (en plena Guerra Civil). O texto acabou converténdose nun símbolo da ditadura franquista. Despois de lelo, responde:

- a) Que cres que simbolizan as palabras *noite* e *pedra*?
- b) Se tiveses que asociarlle unha cor a este poema, cal sería?

O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazóns dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.

Celso Emilio Ferreiro
(*Longa noite de pedra*, 1962)

2. O poeta Carlos Negro fixo a seguinte reinterpretación deste poema:

Barbie girl

O noso universo é rosa.

Rosas son os muros
da prisión das princesas.

Rosa o amor
e o estampado dos vestidos.

As fadas,
as bonecas,
a luz,
a laca de unllas,
as máscaras,
son todas rosas.

As portadas das revistas
que nos deseñan os soños,
feitas están
tamén
co fulgor tan delicado do rosa.

E eu,
pequena larva
afogando
entre estas catro paredes
eternamente
de rosa.

Carlos Negro, *Penúltimas tendencias*, 2014.

- a) Que mensaxe cres que pretende transmitir o autor con este poema?
- b) Que simboliza neste caso a cor rosa?

3. Agora tócache a ti! Toma como referencia o texto orixinal de Celso Emilio para escribir un poema centrado na situación de illamento que estamos a vivir nestes días. Tes total liberdade creativa!